



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR, PROMOCIÓN DO TERRITORIO E TURISMO (SERVIZO DE TURISMO)

Anuncio

Na Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo de data 31 de maio de 2024 acordouse aprobar e publicar no B.O.P de Lugo a convocatoria e as bases reguladoras dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Para dar cumprimento a dito acordo, publícase o texto íntegro das mesmas.

CONVOCATORIA E BASES DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” E DOS PREMIOS “... E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2024

A Deputación de Lugo, no marco das competencias conferidas pola normativa aplicable de Réxime Local e pola normativa sectorial reguladora da actividade turística na Comunidade autónoma galega, desenvolve, entre outras, actuacións que teñen como finalidade a promoción e o fomento do turismo no ámbito provincial.

No contexto destas accións, a finalidade desta convocatoria é a concesión de recoñecementos honoríficos na procura dunha posta en valor de persoas, entidades públicas e privadas, actividades e proxectos sobranceiros no eido do turismo e da gastronomía como elementos socioeconómicos e culturais fundamentais para a identidade da provincia.

Dende o ano 2020, a Deputación de Lugo convoca con carácter anual os Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Na edición do ano 2022 contemplouse a creación, con carácter excepcional e previa aprobación por parte do Consello de Turismo en sesión ordinaria de data 25 de febreiro de 2022, dunha nova modalidade denominada “Premio Turismo Sostible”, que ten por obxecto o recoñecemento daquelas iniciativas que, dentro do ámbito da provincia de Lugo, contribúan a acadar a sostibilidade turística no eido social, económico e/ou medioambiental. Esta modalidade de galardón enmarcouse dentro das accións que desenvolveu a Deputación de Lugo dentro desta anualidade como antesala do evento “Copa España Creativa”, do que foi anfitroia a entidade provincial, e cuxo lema foi “Sostibilidade, Creatividade e Turismo”.

No ano 2023, e como parte das accións de colaboración da Deputación de Lugo no grupo de traballo de Deputacións, Cabildos e Consellos Insulares da Rede de Destinos Turísticos Intelixentes, o Premio Turismo Sostible da Deputación de Lugo foi incluído como unha iniciativa exemplar dentro do Manual de Experiencias DTI realizado no seo do citado grupo de traballo, motivo polo cal someteuse á consideración do Consello de Turismo, reunido en sesión ordinaria celebrada con data 17 de febreiro de 2023, a posibilidade de manter a citada modalidade de cara a futuras convocatorias, deixando de ter carácter excepcional. O acordo foi aprobado por unanimidade dos membros asistentes.

De acordo co que antecede, é vontade da Deputación de Lugo levar a cabo unha nova convocatoria dos Premios de Turismo nas correspondentes tres modalidades e mantendo o seu carácter honorífico de cara ao presente 2024.

Polo anteriormente exposto, establécense as seguintes bases:

Primeira: Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto a regulación da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”. Estas distincións teñen por obxecto recoñecer publicamente a dedicación de distintas empresas, persoas, institucións ou entidades e os seus méritos polo traballo realizado en prol do desenvolvemento, do fomento e da promoción turística, a sostibilidade turística, a traxectoria profesional e a posta en marcha de actuacións innovadoras e/ou exemplares que teñan unha repercusión positiva no ámbito do turismo ou da gastronomía da provincia de Lugo, ben no seu conxunto ou nun ámbito territorial inferior comprendido dentro da provincia.

Segunda: Natureza

Os premios obxecto desta convocatoria terán carácter honorífico, sen que a súa concesión supoña a adquisición de dereito económico algún por parte das entidades ou persoas galardoadas.

Os premios consistirán nun diploma acreditativo e nun agasallo de carácter simbólico, que nesta anualidade será unha peza de artesanía tradicional da provincia de Lugo.

As entidades ou persoas galardoadas poderán publicitar a súa condición de premiadas nas accións de promoción que realicen para dar a coñecer a labor que fose obxecto destas distincións.

Os premios obxecto destas bases serán entregados en acto público o 27 de setembro de 2024, Día Mundial do Turismo.

Terceira: Orzamento

Para esta convocatoria, a consignación orzamentaria destinada á adquisición dos agasallos e á organización do acto de entrega dos premios será de 5.000 euros IVE engadido.

Cuarta: Candidaturas

Poderán optar aos premios as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, tanto a título individual como colectivo, de ámbito local, autonómico, nacional ou internacional que destaquen nalgunha das modalidades establecidas na base quinta e cuxa actuación teña ou tivese unha repercusión positiva no turismo ou na gastronomía a nivel provincial ou nunha zona específica de actuación dentro do territorio lucense.

Quinta: Modalidades

Os premios obxecto desta convocatoria corresponden ás seguintes tres modalidades:

MODALIDADE A: Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Entidades públicas ou aquelas das que na súa organización forme parte o sector público.
- Empresas, profesionais independentes e traballadores e traballadoras do sector turístico. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación ou divulgación da provincia no ámbito turístico con resultados vixentes na actualidade ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido do turismo no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no que está en curso.
- Colectivos profesionais, asociacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan unha labor que garde relación co sector turístico.

Os méritos cos que poderán concorrer nesta modalidade deberán estar relacionados con algún dos seguintes ámbitos:

- A dedicación e traxectoria profesional exemplar.
- O desenvolvemento de accións innovadoras en materia de creación de produtos turísticos singulares, novos ou de éxito.
- O desenvolvemento de accións de promoción innovadoras.
- O traballo en prol da calidade turística.
- A creación ou posta a disposición de ferramentas TIC que repercutan positivamente na experiencia das persoas visitantes e/ou na xestión das empresas e destinos turísticos.
- O desenvolvemento de actuacións que contribúan á accesibilidade, física e/ou intelectual, aos recursos e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo.
- Accións en materia de recuperación de bens do patrimonio cultural ou natural e accións de embelecemento da paisaxe ou do medio.
- Traballo de investigación turística e/ou publicacións científicas ou xornalísticas, que baseen a súa temática nos recursos, empresas e/ou servizos turísticos da provincia de Lugo e que acheguen datos ou conclusións vixentes no momento da proposta da candidatura. No caso de que un traballo de investigación se desenvolva no contexto dunha titulación académica deberá ter sido cualificado como mínimo, cunha puntuación de sobresaínte, para o que se deberá achegar o certificado expedido pola entidade competente.
- O labor que desenvolvan persoas físicas en calidade de divulgadoras turísticas da provincia de Lugo.
- O desenvolvemento de prácticas laborais exemplares.

Agás no caso do recoñecemento a unha traxectoria profesional exemplar, os proxectos e iniciativas concretas nas que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción destes premios deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria, pero con vixencia na actualidade.

MODALIDADE B: “Premio Turismo Sostible”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Entidades públicas ou aquelas das que na súa organización forme parte o sector público.
- Empresas, profesionais independentes e traballadores e traballadoras do sector turístico. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación ou divulgación da provincia no ámbito do turismo sostible con resultados vixentes na actualidade ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido do turismo sostible no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no ano en curso.
- Colectivos profesionais, asociacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro que desenvolvan unha labor que garde relación co sector turístico.

Os méritos cos que poderán concorrer a esta modalidade estarán relacionados co desenvolvemento de iniciativas ligadas ao turismo sostible nas súas diferentes vertentes (social, económica e medioambiental) e/ou co cumprimento de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 no ámbito do Turismo.

Os proxectos e iniciativas concretas nas que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción deste premio deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria, pero con repercusións vixentes na actualidade.

MODALIDADE C: Premios “E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”

Poderán presentarse a esta modalidade:

- Empresas, colectivos e profesionais da gastronomía a título individual. Poderán concorrer tamén persoas ou entidades privadas que teñan realizada unha labor de investigación científica ou divulgación xornalística da gastronomía lucense, ou que teñan realizado unha aportación destacada no eido da gastronomía no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria ou no ano en curso.
- Produtores individuais, Consellos Reguladores, Indicacións Xeográficas Protexidas, asociacións de criadores de razas autóctonas e outras entidades similares.
- Entidades públicas ou privadas que baseen a súa candidatura nun evento gastronómico ou de exaltación de produtos lucenses recoñecido pola súa repercusión e do que sexan organizadoras.

Os méritos cos que poderán concorrer nesta modalidade deberán estar relacionados con algún dos seguintes ámbitos:

- O traballo ou traxectoria profesional exemplar.
- As accións de promoción e fomento do consumo de produtos autóctonos, organización de eventos gastronómicos con produtos locais ou accións similares.
- Os traballos de investigación ou publicacións científicas ou xornalísticas baseadas na divulgación dos produtos locais, na recuperación de receitas, usos ou costumes tradicionais ligados á gastronomía lucense e na proposta de accións que exploren novas fórmulas para a combinación de tradición e vangarda na preparación dos produtos gastronómicos autóctonos. Os datos e conclusións que se acheguen nestes estudos ou publicacións deberán revestir, segundo o criterio do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, carácter de actualidade na súa temática.
- As accións formativas dirixidas a profesionais da gastronomía baseadas no uso de produtos locais.

Agás no caso do recoñecemento a unha traxectoria profesional exemplar, os proxectos concretos nos que, de ser o caso, puidese fundamentarse a candidatura para a recepción destes premios deberán ter carácter actual, desenvolverse no marco dun plan vixente no momento da candidatura ou ben, como máximo, terse realizado no ano inmediatamente anterior a esta convocatoria pero con vixencia na actualidade.

Sexta: Requisitos das candidaturas

As persoas físicas ou xurídicas candidatas aos premios obxecto desta convocatoria deberán cumprir cos seguintes requisitos:

- No caso de persoas físicas, ser maior de idade.
- Realizar ou ter realizado a actividade pola que se propón a candidatura no ámbito territorial da provincia de Lugo.

- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Deputación Provincial de Lugo.
- Estar ao corrente coas obrigas en materia de prevención de riscos laborais no caso de persoas xurídicas e co correspondente aboamento de salarios.
- Estar ao corrente coas obrigas impostas pola normativa en materia de subvencións, no seu caso.
- Non ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme en materia turística por parte de ningún organismo competente.
- Non ter sido condenado ou condenada por sentenza firme por ningún feito delituoso.
- Autorizar á Deputación de Lugo á difusión dos datos das persoas, empresas, colectivos, institucións ou outras entidades galardoadas por calquera medio e dos motivos polos que lles foron concedidos os premios.

A presentación de candidatura aos premios obxecto desta convocatoria implica a aceptación directa destas bases, así como do premio, no caso de resultar gañador ou gañadora.

Os candidatos e candidatas ou quen ostente a súa representación, no caso de institucións, empresas ou colectivos, serán responsables en exclusiva tanto do cumprimento dos requisitos como da veracidade dos datos que figuren nos anexos destas bases, comprometéndose a probalos documentalmente, no caso de que así se lles solicite.

As candidaturas que fosen galardoadas cos premios obxecto desta convocatoria non poderán volver a presentar candidatura a eles na mesma modalidade ata transcorrido un prazo de tres anos dende a concesión do anterior premio. No caso de que, transcorrido o citado prazo, resultasen novamente galardoados ou galardoadas, os motivos nos que se fundamente a xustificación da súa candidatura non poderán coincidir cos motivos nos que se baseou a concesión do premio ou premios anteriores.

A Deputación de Lugo non se fai responsable do uso non autorizado por terceiros dos proxectos presentados e/ou premiados, en especial da súa copia, manipulación, redistribución ou calquera outra forma en contornas non desexadas ou enlaces ilícitos.

Séptima: Prazo e procedemento de presentación de candidaturas

As solicitudes dirixiranse á Presidencia da Deputación de Lugo e presentaranse de xeito telemático a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo, apartado Trámites Xerais- Premios Lugo Cambia. O prazo de presentación de candidaturas será dun mes a contar dende o día seguinte da publicación das bases e da convocatoria dos premios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A presentación de candidatura para a concesión do premio poderá realizarse polo propio candidato ou candidata ou por un terceiro que, tendo coñecemento dos méritos que ostente para cada modalidade o posible candidato ou candidata, así o estime oportuno. Igualmente, os membros do Consello Provincial de Turismo poderán presentar candidaturas para quen consideren axeitado, sempre e cando nas mesmas concorran as condicións necesarias de acordo co establecido nestas bases.

No caso de que as candidaturas sexan presentadas por unha terceira persoa, esta recabará o consentimento expreso do candidato ou candidata correspondente, que deberá asinar o modelo de declaración responsable que figura no Anexo III destas bases, manifestando o cumprimento dos requisitos establecidos para optar á candidatura.

Só poderán presentarse candidatura baixo unha única modalidade das contempladas nestas bases.

Oitava: Acreditación de méritos

As persoas físicas ou xurídicas que presenten candidatura propia ou propoñan a candidatura dunha terceira aos premios en calquera das súas modalidades, deberán presentar, xunto coa correspondente solicitude normalizada que figura no anexo destas bases (I ou II, segundo corresponda) e que estará a disposición na Sede Electrónica da Deputación de Lugo, unha memoria na que farán constar os méritos cos que concorran a esta convocatoria. En dita memoria farán fincapé nos resultados das accións levadas a cabo, sexa dende o punto de vista turístico, gastronómico ou relacionado co desenvolvemento sostible, en beneficio da provincia de Lugo ou nun ámbito concreto da mesma e que fundamenten a candidatura.

A extensión da memoria non superará as 10 páxinas (incluíndo portada e sen contar os anexos) a dobre espazo con letra Arial calibre 12 e co formato determinado no Anexo V destas bases.

Novena: Actuación do xurado

Das candidaturas presentadas, darase conta ao Consello Provincial de Turismo, que actuará como xurado dos premios, sendo convocado en sesión extraordinaria que incluírá na orde do día o estudo e análise das candidaturas presentadas. Esta sesión terá carácter reservado co fin de que as deliberacións ou acordos adoptados non afecten á imaxe dos ou das que presentasen candidatura aos premios. O quórum para poder

celebrar esta sesión requirirá da presenza, como mínimo, da Presidencia, da Secretaría e dun terzo dos restantes vogais.

A avaliación das candidaturas basearase nos seguintes criterios xerais:

- Aportación do traballo ou iniciativa ao desenvolvemento turístico da provincia de Lugo, segundo a modalidade de premio que corresponda.
- A singularidade da proposta.
- A repercusión positiva do traballo ou da iniciativa na contribución sobre a imaxe da provincia de Lugo.

Poderán outorgarse un máximo de sete premios nesta convocatoria, a razón dun máximo de tres nas modalidades “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, respectivamente, e un máximo de un no caso da modalidade “Premio Turismo Sostible”. Potestativamente, o xurado poderá propoñer a concesión dun accésit a aquelas candidaturas que non chegasen a ser galardoadas, podendo conceder ata un máximo de tres accésits en total nesta convocatoria. Os accésits consistirán nunha peza de artesanía da provincia de Lugo e nun diploma.

O Consello de Turismo analizará as candidaturas presentadas e cada membro poderá propoñer ata un máximo de tres gañadores/as respectivamente, no caso das modalidades “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”, e un máximo de un gañador ou gañadora na modalidade “Premio Turismo Sostible”.

Os membros do Consello de Turismo emitirán os seus votos na forma que determine a Presidencia. A proposta de concesión dos galardóns realizarase en base a aquelas candidaturas que obtivesen o maior número de votos.

No caso de quedar empatadas as candidaturas correspondentes a unha modalidade, realizarase unha segunda rolda de votacións na que os membros do Consello poderán emitir novamente o seu voto sobre as candidaturas empatadas. Se logo desta votación persiste o empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia.

De non haber concorrencia de candidaturas á modalidade “Premio Turismo Sostible”, ou ben se as que se presentasen non cumprisen coas prescricións determinadas nestas bases, o Consello de Turismo poderá propoñer a súa concesión directa a algunha persoa ou entidade que cumpra os requisitos establecidos.

A concesión directa do “Premio Turismo Sostible” por parte do Consello Provincial de Turismo requirirá da aceptación expresa do mesmo por parte da persoa ou entidade para que se propón o galardón, así como da sinatura dunha declaración responsable na que se manifeste o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases (Anexo IV).

Ao persoal membro do Consello Provincial de Turismo seranlle de aplicación as causas de abstención reguladas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público para a deliberación e votación sobre as candidaturas aos premios obxecto destas bases. Igualmente, o persoal membro do Consello Provincial de Turismo deberá absterse de valorar e votar aquelas candidaturas que correspondan aos propios colectivos, entidades ou persoas representadas no Consello Provincial de Turismo, cando estes sexan candidatos aos premios, no seu caso. Ademais, os membros do Consello deberán absterse de valorar e votar aquela modalidade na que presentasen a candidatura dun terceiro, se fose o caso.

En todo caso, o resultado das deliberacións será recollido nunha acta.

Décima: Instrución e resolución do procedemento de concesión dos premios

A instrución do procedemento de concesión dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” corresponderalle ao Servizo de Turismo da Deputación de Lugo, resultando de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo será o órgano competente para a resolución da convocatoria dos premios e adoptará o acordo correspondente para a súa concesión, previa proposta que será elevada pola Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo en base ao informe do Servizo de Turismo e o acordo do Consello Provincial de Turismo recollido na correspondente acta.

O acordo de concesión dos premios pola Xunta de Goberno será adoptado nun prazo máximo de dous meses a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación das candidaturas. Dito acordo será publicado no Boletín Oficial da Provincia e contra o mesmo poderanse interpoñer os recursos pertinentes de acordo coa lexislación aplicable.

Décimo primeira: Revogación

Os premios obxecto desta convocatoria poderán ser revogados a proposta de calquera dos membros integrantes do Consello Provincial de Turismo cando se dea algunha das seguintes circunstancias nun galardoado ou galardoada:

- Ter sido sancionado ou sancionada con carácter firme pola Administración competente en materia turística.
- Ter sido condenado ou condenada en sentenza firme pola comisión dalgún feito delituoso.
- Que se detecte o incumprimento dun ou varios requisitos establecidos para as persoas candidatas nestas bases.
- Outras circunstancias debidamente motivadas que, a xuízo do persoal membro do Consello Provincial de Turismo, se estimen suficientemente significativas para propoñer a revogación do premio.

A proposta de revogación dos premios requirirá a adopción dun acordo previo por maioría absoluta por parte do Consello Provincial de Turismo. Dito acordo, que se recollerá nunha acta, xunto co correspondente informe do Servizo de Turismo, servirán como motivación da proposta de revogación que, por parte da Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo sexa elevada á Xunta de Goberno, órgano competente para a revogación dos premios.

Décimo segunda: Outra normativa aplicable

Os premios obxecto desta convocatoria rexeranse no non regulado expresamente nestas disposicións:

- Pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- Pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.
- Pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- Polo Regulamento do Consello Provincial de Turismo da Provincia de Lugo, aprobado en sesión plenaria o 30 de xaneiro de 2018, e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 102 de sábado, 5 de maio de 2018.
- Pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Pola Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo.
- Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo.
- Bases de Execución do Orzamento da Deputación de Lugo para o 2024.

Décimo terceira: Réxime de Recursos

O acordo de aprobación das presentes bases e os seus anexos pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, ante a Xunta de Goberno, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado extracto da convocatoria no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo elo sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente.

ANEXO I (SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DIRECTA DE CANDIDATURA)

DATOS DO/A SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
ACTIVIDADE QUE REALIZA	
DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.

MODALIDADE DE PREMIO AO QUE OPTA COA CANDIDATURA (Marque cun "X" a opción axeitada)
<input type="checkbox"/> PREMIOS LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE. <input type="checkbox"/> PREMIO TURISMO SOSTIBLE. <input type="checkbox"/> PREMIOS E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

Con relación á base décimo segunda da convocatoria dos premios onde se especifica a normativa reguladora do tratamento de datos persoais:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS (*)	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
FINALIDADE	Xestión dos certames de premios organizados e promovidos pola Deputación de Lugo
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1.a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos.
DESTINATARIOS	Non previstos
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, así como dereito a retirar o consentimento.
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

(*) Para información adicional relativa a la protección de sus datos, por favor, consulte a ligazón web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_premios

SI autorizo e consinto que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os meus datos para a solicitude de candidaturas aos Premios LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE, ao Premio TURISMO SOSTIBLE ou aos Premios ...E PARA COMER...LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

SOLICITA:

PRESENTAR CANDIDATURA AOS PREMIOS NA MODALIDADE SINALADA.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da identidade da persoa ou entidade candidata por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

ANEXO II (SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DUNHA TERCEIRA PERSOA OU ENTIDADE)

DATOS DO/A SOLICITANTE	
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.
DATOS DO/A REPRESENTANTE	
NOME E APELIDOS	DNI
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	TEL.

SOLICITA:

Presentar a candidatura de:

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	- DNI / NIF
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO	- TEL.
ACTIVIDADE QUE REALIZA	
MODALIDADE DE PREMIO AO QUE OPTA COA CANDIDATURA (Marque cun "X" a opción axeitada)	
<input type="checkbox"/> PREMIOS LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE. <input type="checkbox"/> PREMIO TURISMO SOSTIBLE. <input type="checkbox"/> PREMIOS E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.	

Con relación á base décimo segunda da convocatoria dos premios onde se especifica o tratamento de datos persoais:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS (*)	
RESPONSABLE	Deputación de Lugo
FINALIDADE	Xestión dos certames de premios organizados e promovidos pola Deputación de Lugo
BASE LEXITIMACIÓN	RGPD: 6.1 .a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varias fins específicos.
DESTINATARIOS	Non previstos
DEREITOS	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos, así como dereito a retirar o consentimento.
PROCEDENCIA	O propio interesado ou o seu representante legal

(*) Para información adicional relativa a la protección de sus datos, por favor, consulte a ligazón web seguinte: http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/xestion_premios

Si autorizo e consinto que a DEPUTACIÓN DE LUGO utilice os meus datos para a solicitude de candidaturas aos Premios LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE, PREMIO TURISMO SOSTIBLE e aos Premios ...E PARA COMER...LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE.

SOLICITA:

PRESENTAR CANDIDATURA DA PERSOA OU ENTIDADE INDICADA AOS PREMIOS NA MODALIDADE SINALADA.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

ANEXO III (COMPLEMENTARIO A ANEXO II)

AUTORIZACIÓN DA PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA POR PARTE DUNHA TERCEIRA PERSOA OU ENTIDADE

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

- En nome propio
- En representación de:

DENOMINACIÓN/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
---------------------------	---------

AUTORIZA A:

NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL	DNI / NIF
---------------------------------	-----------

Á presentación da súa candidatura aos Premios “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE” , “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” ou Premios “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE”.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da súa identidade por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS PARA A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO.

ANEXO IV

ACEPTACIÓN DA CANDIDATURA (Base novena: aceptación do PREMIO TURISMO SOSTIBLE por concesión directa)

NOME E APELIDOS	DNI
-----------------	-----

- En nome propio
 En representación de:

DENOMINACIÓN/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
---------------------------	---------

ACEPTO:

A concesión directa do PREMIO TURISMO SOSTIBLE.

AUTORIZA:

Á Deputación de Lugo á difusión da súa identidade por calquer medio, no marco desta convocatoria, así como o motivo ou motivos polos que, no seu caso, sexa concedido o premio.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

CUMPRIR OS REQUISITOS ESTABLECIDOS NAS BASES DA CONVOCATORIA DO PREMIO.

(Sinatura)

ILMO. SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN DE LUGO

ANEXO V: FORMATO DE MEMORIA OBRIGATORIA DE CANDIDATURA E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA A ENTREGAR

As persoas ou entidades candidatas aos Premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense", ao "Premio Turismo Sostible" ou aos Premios "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense", así como aquelas que presenten a candidatura dunha terceira persoa ou entidade, deben achegar na súa solicitude unha memoria executiva cuxa extensión non superará as 10 páxinas (incluíndo portada e sen contar os anexos) a dobre espazo con letra Arial, calibre 12, asinada electrónicamente, na cal se exporán os méritos que concorran para a obtención do galardón.

O esquema da memoria axustarase á seguinte estrutura:

Introdución (máximo unha páxina):

Nesta parte exporase de forma breve a motivación para concorrer á convocatoria dos Premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense", do "Premio Turismo Sostible" ou dos Premios "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense".

Desenvolvemento:

Nesta parte desenvolveranse do xeito máis detallado posible, tendo en conta a extensión máxima da memoria, os argumentos e méritos polos cales considera que a candidatura é merecedora da obtención do galardón. Deberase ter en conta que estes méritos teñen que adecuarse aos aspectos sinalados na base quinta da convocatoria.

A maiores, as persoas ou entidades candidatas ou as que presenten a candidatura dunha terceira persoa ou entidade, deberán achegar como anexo a seguinte documentación, de ser procedente:

- O traballo de investigación completo e asinado, sempre e cando a súa candidatura esté baseada no mesmo, así como o certificado académico oficial de calificacións, se se trata dun traballo realizado no marco do plan de estudos dunha titulación académica.
- Outra documentación que a persoa ou entidade candidata considere necesario aportar para apoiar a súa candidatura.

Lugo, 31 de maio de 2024. O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 26-07-2019, O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1558

SECCIÓN DE INVENTARIO XERAL*Anuncio***Información pública relativa a reunión da Asociación de Utilidade Pública "Padroado Virxe dos Ollos Grandes"**

Con data tres de maio de dous mil vinte catro reuniuse a Asociación de Utilidade Pública "Padroado Virxe dos Ollos Grandes" na Salón de Xuntas da Deputación Provincial de Lugo. Nesta reunión acordase por unanimidade dos membros presentes, a extinción da Asociación de Utilidade Pública "Padroado Virxe dos Ollos Grandes".

O que se comunica aos efectos de que os/as interesados/as, durante un prazo de 15 días hábiles, poidan comparecerno expediente, ao obxecto de realizar as alegacións que estimen convenientes ao seu defecto.

A consulta do expediente poderá facerse, no prazo indicado, nas dependencias da Sección de Inventario Xeral (Secretaría Xeral) do Pazo da Deputación Provincial, sito na Praza San Marcos nº 8 do concello de Lugo.

Lugo, 29 de maio de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 1540

CONCELLOS

LUGO

*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 23 de maio de 2024, adoptou entre outros o acordo 6/224, polo que se acorda delegar as competencias no Tenente de Alcaldesa - Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos para a resolución de todos o actos de trámite e resolutivos do expediente para a contratación da **OBRA DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA PARROQUIA DE PIAS (PRIMERA FASE) INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2023**

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 29 de maio de 2024.- Concelleiro Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, don Angel Pablo Permuy Villanueva.

R. 1536

MONDOÑEDO*Anuncio***APROBACION INICIAL CONTA XERAL 2023**

Rendida a Conta Xeral para o exercicio 2023 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o día 27 de maio do 2024, a mesma, xunto co ditamen e documentos que a xustifican expone ao público na Secretaría-Intervención municipal, polo prazo de 15 días hábiles que computaranse a partires do día seguinte da publicación do seguinte anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facenda Locais.

Mondoñedo, 29 de maio de 2024.- O alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1543

O PÁRAMO*Anuncio***RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Vistas as Bases para a cobertura mediante CONCURSO-OPOSICIÓN de 2 prazas de auxiliar de axuda no fogar, para o Concello de O Páramo, Persoal Laboral Fixo, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal de longa duración incluída na oferta de emprego público extraordinaria da Lei 20/2021.

Vista a relación provisional de admitidos e excluídos aprobada por Resolución de Alcaldía de data 22 de febreiro de 2023 publicada na sede electrónica <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal>, no taboleiro de anuncios e no BOP de Lugo n.º 49 de 1 de marzo de 2023

Examinadas as alegacións presentadas polos aspirantes

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria referenciada:

ADMITIDOS**NOME E APELIDOS****D.N.I**

Nuria Olmo López

***6730**

Pacita Mon Blanco

***0501**

María Carmen Liz Vázquez	***3324**
Eva Díaz López	***4604**
Yolanda Neira García	***7795**
María Carmen Zolle Díaz	***0436**
María Begoña Sampedro	***7749**
María Rodríguez Vázquez	***4039**
María José Pérez López	***3686**
Julia Dorado Duro	***3564**

EXCLUIDOS

Ningún

SEGUNDO: Designar como membros do Tribunal que debe xulgar as correspondentes probas a:

Presidenta: Dona María Carmen Prieto Rojo. Traballadora social do Concello de O Páramo

Suplente: Dona Lara Riveira Fernández. Cuerpo Superior Administración Xunta de Galicia

Secretaria: Dona Carolina Cortón Fernández. Secretaria-Interventora do Concello do Páramo.

Suplente: Dona Ana Isabel Candame Areosa. Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.

Vogal 1º: Dona María Belén López López. Secretaria-Interventora do Concello de A Pastoriza.

Suplente: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello do Corgo.

Vogal 2º: Dona María Jesús Grandío Río . Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

Suplente: Dona María Isabel Pérez Barrio. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Palas de Rei.

Vogal 3º: Dona María Cruz Rodríguez Vázquez. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de O Páramo.

Suplente: D. Manuel Piñeiro López, empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

CUARTO. Fixar a data, hora e lugar de celebración da fase de oposición para o día 18 de xuño de 2024, ás 11:00 horas no Concello do Páramo.

QUINTO. A baremación dos méritos dos aspirantes propostos efectuarase o día 25 de xuño de 2024, ás 10:30 horas, no Concello do Páramo.

SEXTO. Publicar esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia ,na sede electrónica deste Concello <http://concellodeparamo.sedelectronica.gal> e no Taboleiro de Anuncios, para maior difusión.

O Páramo, 23 de maio de 2024.- O 1º Tenente alcalde por delegación, Benjamín García Toirán.

R. 1535

A PONTENOVA

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 24 de maio de 2024, aprobouse inicialmente o Proxecto de Urbanización e electrificación da ampliación do parque empresarial de A Pontenova, Sector S-PE 2, promovido por Xestur do Solo de Galicia, Xestur, S.A .

De conformidade co artigo 96.3 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, sométese a información pública por prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio, a fin de que quen puidesen terse por interesados en devandito expediente, poidan comparecer e formular cantas alegacións, suxestións ou reclamacións teñan por conveniente.

Á súa vez, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellodapontenova.sedelectronica.es>].

Igualmente, durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

A Pontenova, 28 de maio de 2024.- O alcalde, Dario Campos Conde.

R. 1537

SARRIA

Anuncio

EXPEDIENTE: 2201/2023

PROCEDEMENTO: Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do servizo do cemiterio municipal

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

O Pleno do Concello de Sarria, en sesión realizada o día 04/04/2024, acordou aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Reguladora de referencia.

O expediente someteuse a información pública mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 085, de data 12/04/2024 e no Portal de Transparencia da Sede Electrónica Municipal.

Como queira que non se presentaron reclamacións durante o devandito trámite, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional, cuxo texto íntegro da modificación das tarifas se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Sarria establece a Taxa por prestación do servizo do Cemiterios Municipal, condución de cadáveres e outros servizos fúnebres de carácter local, a que se refire o artigo 20.4 p) do propio real decreto lexislativo, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto lexislativo.

Artigo 2º. Feito imponible e obriga de contribuír.

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos do cemiterio municipal de Sarria, tales como concesión e cambio de titularidade de nichos, panteóns, sepulturas e columbarios/cinseiros, vixilancia e conservación de ditos elementos ou espazos e calquera outro que se autorice conforme á normativa aplicable, así como a condución de cadáveres e traslado de restos, enterramentos e outros servizos fúnebres de carácter local.

2.- A obriga de contribuír nacerá cando se inicie a prestación dos servizos sometidos a gravame, e entenderase, para tales efectos, que se inicia a prestación cando se solicita esta ou se ocasiona a súa prestación.

No caso do servizo de vixilancia, a cota xerarase o primeiro día natural de cada exercicio económico e terá carácter non reducible coincidindo o período impositivo co ano natural.

Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.

1.- Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuíntes, os solicitantes da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

2.- Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:

a) Solidariamente as persoas ás que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.

De conformidade co previsto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.

Artigo 5º. Cota tributaria.

A cota tributaria da taxa estará constituída polas seguintes cantidades fixas:

Epígrafe 1.- CONCESIÓN

- Nichos 1.057,50 €
- Columbarios/Cinseiros 383,52 €

Epígrafe 2.- ALUGUERES

- Nichos - tarifa anual 105,75 €
- Columbarios/Cinseiros - tarifa anual 38,35 €

Epígrafe 3.- INHUMACIÓN E EXHUMACIÓN.

- Inhumación en panteón ou sepultura 199,28 €
- Inhumación en nicho 199,28 €
- Inhumación en columbario/cinseiro 99,64 €

Epígrafe 4.- TRANSMISIÓN/CAMBIO DE TITULARIDADE

- a)- Inter vivos: 246,40 €
- b) Mortis causa: 123,20 €

Epígrafe 5.- OUTROS SERVIZOS.

a).- Traslados.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “RECEPCIONISTA DA PISCINA (TEMPO PARCIAL)” persoal laboral fixo.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos**

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE “RECEPCIONISTA DA PISCINA (TEMPO PARCIAL)”.

A) ADMITIDOS:

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	BLANCO BAZARRA BELÉN	EXENTA
2	BLANCO BAZARRA SANDRA	EXENTA
3	DÍAZ GARCÍA MARIA DE LOS ANGELES	EXENTA
4	FERNÁNDEZ GARCÍA PAULA MARÍA	EXENTA
5	GUERREIRO ESCOURIDO CRISTINA	EXENTA

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
6	GONZÁLEZ SANTEIRO ISABEL	EXENTA
7	GONZÁLEZ VALE COVADONGA	EXENTA
8	MÉNDEZ RODRÍGUEZ ALICIA ISABEL	EXENTA
9	PÉREZ SANTOS MARIA	EXENTA
10	PERNAS VIGO MARIA RITA	EXENTA
11	REGO MARTÍNEZ VANESA	EXENTA
12	SÁNCHEZ PERNAS MARIA BEGOÑA	EXENTA
13	VÁZQUEZ YÁÑEZ BRAIS	EXENTA
14	YÁÑEZ DEL RIO LUCIA	EXENTA
15	YÁÑEZ DEL RIO NATALIA	EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	MARTÍNEZ ARCA SANTIAGO	<p>NON EXENTA</p> <p>(Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)</p>	<p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión do DNI e titulación académica esixida (Base Xeral ptos. 6 a) e 6 b) e base Específica 5.1) "(...) <i>a) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.</i>" "(...)</p> <p><i>b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela..." "(...) Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, FP Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao (FP1) ou equivalente..."</i></p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p>
2	PÉREZ DÍAZ MANUEL JUAN	<p>NON EXENTA</p> <p>(Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)</p>	<p>Non cumprimentar debidamente o Anexo II (Base Xeral pto. 5.4): "(...) Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases" e segundo se establece nas mesmas.</p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p> <p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión do DNI (Base Xeral ptos. 6 a) "(...) <i>a) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.</i>"</p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p>

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

SEGUNDO.- Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
MARTÍNEZ ARCA SANTIAGO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.

Advirtese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta Resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Viveiro, 29 de maio de 2024.- A Alcaldesa, D^a María Loureiro García. Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a Maria Luz Balsa Rábade.

R. 1548

Anuncio

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art.2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano

2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do xoves, 26 de xaneiro de 2023, Núm. 22, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de “VIXIANTE DE URBANISMO”.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “VIXIANTE DE URBANISMO” funcionario de carreira.

Vista a base xeral 8.1, que sinala “(...) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará Resolución declarando a lista provisional de admitidos e excluídos**

A lista provisional de admitidos e excluídos publicárase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificárase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Visto que segundo o disposto no punto 8.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 5 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 8 da base xeral.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE “VIXIANTE DE URBANISMO”.

A) ADMITIDOS:

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	CALVO TORQUEMADA EVA MARIA	EXENTA
2	CERVO REGO ANGEL	EXENTA
3	DÍAZ GARCÍA MARIA DE LOS ANGELES	EXENTA
4	FEAL JIMENEZ LIDIA	EXENTA
5	FERNÁNDEZ MARTÍNEZ ANDREA	EXENTA
6	FERNÁNDEZ PRIETO PEDRO	EXENTA
7	GARCÍA LIZ DOLORES	EXENTA
8	GARCÍA MARTÍNEZ DE TEJADA TERESA MERCEDES	EXENTA
9	GARCÍA TORRADO MARIA LUISA	EXENTA
10	LAGO BERDEAL MANUEL	EXENTA
11	LÓPEZ FERNÁNDEZ RAÚL	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 5 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas).
12	MARTÍN LESTEGAS ISABEL	EXENTA
13	MOREIRA PERMUY JOSE ANGEL	EXENTA

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
14	NIÑE REIGOSA MARCELINO	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 5 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas).
15	PEÑA VARGAS ANABEL	EXENTA
16	REGO MARTÍNEZ VANESA	EXENTA
17	REGO PÉREZ CONSTANTINO	EXENTA
18	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ DIANA MARIA	EXENTA
19	SAN ISIDRO FRANCO DARIO MODESTO	EXENTA
20	TORIZA PÉREZ RAFAEL	EXENTA
21	VALIELA ALVAREZ MARIA	EXENTA
22	VÁZQUEZ YÁÑEZ BRAIS	EXENTA
23	YÁÑEZ DEL RIO LUCIA	EXENTA
24	YÁÑEZ DEL RIO NATALIA	EXENTA
25	YÁÑEZ MARTÍNEZ NAZARET	EXENTA

B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	DÍAZ RAMIL JAVIER	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)	<i>Non cumprir co requisito de prazo de presentación de instancias, non sendo obxeto de posible subsanación.</i>
2	MARTÍNEZ ARCA SANTIAGO	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión do DNI e titulación académica esixida (Base Xeral ptos. 6 a) e 6 b) e base Específica 5.1) "(...) a) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente. " "(...) b) Copia cotexada ou copia auténtica da Titulación académica esixida nas bases específicas de cada convocatoria, ou documentación acreditativa de estar en condicións de obtela... " "(...) Graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria, FP Grao Básico, Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao (FP1) ou equivalente..." (Pode ser obxecto de subsanación)

3	PÉREZ DÍAZ MANUEL JUAN	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)	Non cumprimentar debidamente o Anexo II (Base Xeral pto. 5.4): "(...) Cumprimentación. A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente, no modelo Anexo II das presentes bases " e segundo se establece nas mesmas. (Pode ser obxecto de subsanación) Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión do DNI (Base Xeral pto. 6 a) "(...) a) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente. " (Pode ser obxecto de subsanación)
---	---------------------------	--	--

A publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indiquen. Esta lista provisional tamén se publicará no taboleiro de anuncios dixital, ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es), web municipal e taboleiro de anuncios físico do Concello.

SEGUNDO.- Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista provisional de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
MARTÍNEZ ARCA SANTIAGO	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.
MOREIRA PERMUY JOSE ANGEL	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.
PEÑA VARGAS ANABEL	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ DIANA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.
VALIELA ALVAREZ MARIA	Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.

Advirtese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta Resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Viveiro, 29 de maio de 2024.- A Alcaldesa, D^a María Loureiro García. Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D^a Maria Luz Balsa Rábade.

R. 1549

XOVE*Anuncio***MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE XOVE 2024**

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional acadado en sesión ordinaria de pleno celebrada o 8 de abril de 2024, sobre modificación da ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES DO CONCELLO DE XOVE, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Exposición de motivos

A tenor das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e o artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local sobre potestade normativa en materia de tributos locais e de conformidade así mesmo ao establecido nos artigos 15 e seguintes, así como do Título II, e artigos 61 e seguintes, todos eles do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e artigos 6, 7 e 8 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/2004 de 5 de marzo, e as modificacións de ditos textos introducidas pola Lei 16/2007 de 4 de xullo, Disposición Adicional Sétima e Décima, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en sentenza de 30 de maio de 2007 pola que declara nulo e expulsa do ordenamento xurídico parte da redacción do artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento da Lei do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, régúlase mediante a presente Ordenanza Fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles coas excepcións que se conteñen máis adiante e conforme ás tarifas que se inclúen na presente ordenanza.

Artigo 1º.- Feito imponible.

1. O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos, urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos
- b) Dun dereito real de superficie
- c) Dun dereito real de usufructo d) Do dereito de propiedade

2.- A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida no mesmo, determinará a non suxeición do inmovible urbano o rústico ás restantes modalidades no mesmo previstas. Nos inmobles de características especiais aplicarase esta mesma prelación, salvo cando os dereitos de concesión que podan recaer sobre o inmovible non esgoten a súa extensión superficial, suposto no que tamén se realizará o feito imponible polo dereito de propiedade sobre a parte do inmovible non afectada por unha concesión.

3.- Teñen consideración de bens inmobles de natureza urbana, rústicos e bens inmobles de características especiais, os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. En concreto, o artigo 8.2 do RDL 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario sinala como bens inmobles de características especiais os seguintes:

- a. Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ao refino de petróleo e ás centrais nucleares.
- b. As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu lecho ou vaso, excepto as destinadas exclusivamente ao rego.
- c. As autoestradas, estradas e túneles de peaxe. d. Os aeroportos e portos comerciais.

E elo coas especificacións contidas no artigo 23 do Regulamento de desenvolvemento do Catastro Inmobiliario aprobado por Real Decreto 417/2006 de 7 de abril, na súa redacción dada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 30 de maio de 2007.

O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas, e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

2.- No caso de bens inmobles de características especiais, cando a condición de contribuínte recaia en un ou varios concesionarios, cada un deles o será pola súa cota, que se determinará en razón á parte do valor

catastral que corresponda á superficie concedida e á construción ou parte do inmovible directamente vinculada a cada concesión.

Para esa mesma clase de inmovibles de características especiais, cando o propietario teña a condición de contribuínte en razón da superficie non afectada polas concesións, actuará como substituto do mesmo o Ente ou Organismo público ao que se refire o parágrafo segundo do número 1 do artigo 63 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, na súa redacción dada pola Lei 16/2007, o cal non poderá repercutir no contribuínte o importe da débeda tributaria satisfeita.

3.- O disposto no apartado anterior será de aplicación, sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común.

4.- As administracións públicas e os entes ou organismos considerados suxeitos pasivos, repercutirán a parte da cota líquida do imposto que corresponda, en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais, os cales estarán obrigados a soportar a repercusión, que se determinará en razón á parte do valor catastral que corresponda á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada arrendatario ou cesionario do dereito de uso.

Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigacións tributarias todas as persoas que sexan causantes dunha infracción tributaria ou que colaboren en cometela.

2. Os coparticipantes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas a que se refire a Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigas tributarias destas Entidades.

3. No suposto de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse aos socios ou partícipes no capital, que responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación que se lles houbese adxudicado.

4. A responsabilidade esixírase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións

1.- En base ó disposto no artigo 62.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, están exentos:

a) Os bens inmovibles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 6 euros

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6 euros.

2.- En base ao disposto no artigo 62.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo estarán exentos os centros sanitarios da titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

3.- Con carácter xeral , a concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo.

Artigo 5º. Base imponible.

1. A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmovibles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ás normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

A base imponible dos bens inmovibles de características especiais non terá redución de forma xeral, salvo o disposto no artigo 67.2 do TRLHL na súa redacción dada por Lei 16/2007.

2.- Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e do xeito que a Lei prevea.

Artigo 6º. Cota tributaria e tipo de gravame.

1.- A cota íntegra do imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ó que se refire o apartado 3 seguinte.

2.- A cota líquida obterase minorando a cota íntegra do imposto no importe das bonificacións previstas no artigo seguinte.

3.- Os tipos de gravame aplicables neste concello serán os seguintes:

a.- Para os bens inmovibles de natureza urbana: o 0,6%

b.- Para os bens inmovibles de natureza rústica: o 0,3%

c.- Para os bens inmovibles de características especiais: o 1,3 %

Artigo 7º. Bonificacións

Sobre a cota íntegra do imposto establécense as seguintes bonificacións:

a) No suposto de novas construcións, concédese unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, previa solicitude dos interesados e antes do inicio das obras ás empresas urbanizadoras, construtoras e promotoras, tanto si se trata de obra nova como rehabilitación equiparable a esta, de conformidade co Texto Refundido da Lei de Facendas Locais de 5 de marzo de 2004.

O prazo para beneficiarse da bonificación comprende dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o período posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que en ningún caso poda exceder de tres períodos impositivos. Para gozar da citada bonificación, os interesados deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- Presentar antes do 31 de decembro do ano no que se inicien as obras un escrito de solicitude da bonificación - Acreditar a data de inicio das obras de urbanización ou construción que se trate, o cal farase mediante certificación do Técnico
- Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional.
- Acreditar que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, o cal farase mediante a presentación dos Estatutos da Sociedade, ou no seu caso, documentación acreditativa da constitución da correspondente xunta de compensación.
- Acreditar que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte de inmovilizado, o cal farase mediante certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a A.E.A.T., a efectos do Imposto sobre Sociedades.
- Copia do recibo de IBI correspondente ó inmovible ó que se refire a solicitude. No caso de que non se dispoña deste, certificación expedida pola Xerencia do Catastro de Lugo, na que se faga constar a referencia catastral do referido inmovible.

b) Fíxase unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto aplicable ás vivendas de protección oficial e ás que resulten equiparables a estas consonte a normativa da Comunidade Autónoma, previa solicitude do interesado e poderá efectuarse en calquera momento anterior á finalización dos tres períodos impositivos seguintes á cualificación definitiva. Dita bonificación producirá efecto dende o período seguinte a aquel no que se solicite, e a súa duración finalizará ós tres anos da cualificación definitiva.

Para ter dereito a esta bonificación os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude da bonificación no que se indique o ben inmovible
- Fotocopia compulsada da alteración catastral
- Fotocopia compulsada do certificado de vivenda de protección oficial
- Fotocopia compulsada da escritura ou nota simple rexistral do inmovible
- Se na escritura pública non constar a referencia catastral, fotocopia compulsada do recibo do IBI correspondente ó ano anterior.

c) Gozarán dunha bonificación potestativa durante os tres primeiros exercicios orzamentarios de ata o 95 % na cota íntegra do IBI que lle corresponda aqueles suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas situadas no Parque Empresarial de Camba – Xove (tanto nas actuais parcelas como nas futuras unha vez efectuada a ampliación do Parque Empresarial co correspondente desenvolvemento urbanístico reflectido no Plan Xeral de Ordenación Municipal) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros supostos que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando dita ampliación implique creación de emprego.

Establécense os seguintes tramos:

- O 95% da cota do IBI pola crecación de máis de 20 postos de traballo.
- O 75% da cota do IBI pola crecación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- O 50% da cota do IBI pola crecación de ata 10 postos de traballo

d) Terán dereito a unha bonificación na cota íntegra do imposto de bens inmoables os suxeitos pasivos que ostenten a condición de persoas titulares de familia numerosa na data de devindicación do imposto, sempre que todos as persoas integrantes da dita unidade familiar estean empadroadas no Concello de Xove, o ben

inmuble sexa de carácter residencial, sexa propiedade da persoa solicitante, constitúa a residencia habitual de todas as persoas integrantes da dita unidade familiar e o seu valor catastral non supere os 200.000 euros.

Entenderase por residencia habitual aquela que figura como domicilio do suxeito pasivo e de todas as persoas integrantes da unidade familiar no padrón municipal de habitantes do Concello de Xove á data do 1 de xaneiro do ano en que se solicite a bonificación.

A dita bonificación poderá ser aplicada coas seguintes porcentaxes segundo a categoría de familia numerosa:

- Familia numerosa categoría xeral: 50 %.
- Familia numerosa categoría especial: 90 %.

Para beneficiarse da dita bonificación, o suxeito pasivo deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitud de bonificación identificando o ben inmuble coa súa correspondente referencia catastral.
- b) Certificado de empadramento no Concello de Xove de todas as persoas integrantes da unidade familiar.
- c) Copia auténtica do documento que acredite a propiedade do inmuble.
- d) Certificación ou documento análogo acreditativo da condición de familia numerosa, expedido polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou das restantes comunidades autónomas.

Esta bonificación terá carácter rogado e deberá ser solicitada durante o mes de xaneiro do exercicio en curso, excepto para as liquidacións de ingreso directo, para as que deberá solicitarse dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

As solicitudes presentadas fóra dos prazos aquí establecidos producirán efectos a partires do exercicio seguinte.

A renovación do título de familia numerosa ou calquera cambio da condición de familia numerosa ou dos requisitos establecidos na presente ordenanza para ser persoa beneficiaria da dita bonificación, deberá ser comunicada polo suxeito pasivo no prazo dun mes desde que a dita circunstancia se produza.

A tal efecto, a bonificación extinguirase de oficio o ano inmediatamente seguinte a aquel en que o suxeito pasivo cese na súa condición de persoa titular de familia numerosa ou deixen de concorrer os requisitos requiridos na presente ordenanza para ser persoa beneficiaria de mesma.

O prazo de desfrute inicial da bonificación será de cinco anos. Poderanse solicitar prórrogas sucesivas da dita bonificación por prazo de tres anos cada unha sempre que se dea cumprimento aos requisitos exixidos na presente ordenanza para ser beneficiaria da mesma e achegando á dita solicitude a documentación referida anteriormente.

O desfrute desta bonificación será incompatible co dereito a desfrutar doutras bonificacións establecidas na presente ordenanza no mesmo inmuble.

e) Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto os bens inmobles de carácter residencial unifamiliar destinados ao uso de vivenda que instalaran sistemas para o aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.

Será necesario, en todo caso, que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m² por cada 100 m² de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 5 Kw por cada 200 m² de superficie construída destinada a uso de vivenda segundo certificación catastral, excluindo do cómputo de dita superficie os m² de uso aparcamento, almacén, porche ou similares. Estes requisitos non serán exixibles cando a superficie construída sexa inferior a 100 m².

A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.

Así mesmo, para a aplicación da mesma, será requisito imprescindible posuír o título xurídico habilitante de natureza urbanística que sexa exixible consonte a normativa que resulte de aplicación.

Non se outorgará esta bonificación cando a instalación destes sistemas de aproveitamento da enerxía solar sexa obrigatoria ao teor da normativa que resulte de aplicación.

Esta bonificación terá carácter rogado e producirá efectos, no seu caso, desde o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite, sempre que, previamente, reúna as condicións e se acredite o cumprimento dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

Para beneficiarse da dita bonificación, o suxeito pasivo deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitud de bonificación identificando o ben inmuble coa súa correspondente referencia catastral.
- b) Copia do título xurídico habilitante de natureza urbanística da obra e instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico e/ou eléctrico da enerxía proveniente do sol.

- c) Certificado final de obra suscrito polo director de obra e director de execución da obra, no caso de que sexa preceptivo.
- d) Certificado, firmado por técnico competente, onde se reflicta que a instalación dos sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol non é obrigatoria ao teor da normativa que resulte de aplicación.
- e) Autorización de explotación ou acta de posta en servizo, cando sexa preceptiva, e Certificado de Instalación Eléctrica (CIE) de acordo co Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o Regulamento electrónico de baixa tensión, emitido pola empresa instaladora e dilixenciado polo órgano competente da comunidade autónoma.
- f) Xustificación do pago do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

A bonificación aplicarase durante os cinco períodos impositivos a contar desde o seguinte á finalización das obras e instalacións precisas para a posta en funcionamento dos mencionados sistemas para o aproveitamento térmico e eléctrico da enerxía proveniente do sol.

Artigo 8º. Período impositivo e acreditación do imposto

- 1.- O período impositivo é o ano natural.
- 2.- O imposto acredítase o primeiro día do ano.
- 3.- As variacións de orde físico, económico ou xurídico, incluíndo as modificacións de titularidade, teñen efectividade a partir do ano seguinte a aquel no que se producen.
- 4.- Cando o Concello coñeza a conclusión das obras que orixinen unha modificación de valor catastral, respecto ao que figura no seu Padrón, liquidará o IBI na data na que a Xerencia do Catastro lle notifique o novo valor catastral.
- 5.- A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente aos exercicios “meritados” e non prescritos, entendendo por estes os comprendidos entre o seguinte a aquel no que se van a finalizar as obras que orixinaron a modificación de valor e o presente exercicio.
- 6.- No seu caso, deducirase da liquidación correspondente a este exercicio e ós anteriores a cota satisfeita por IBI a razón de outra configuración do inmovible, diferente da que tivo na realidade.

Artigo 9º. Xestión por delegación

No caso de xestión delegada, as atribucións dos órganos municipais se entenderán exercidas pola Administración convida ou delegada.

Para o procedemento de xestión e recadación non establecido nesta ordenanza deberá aplicarse o establecido pola lexislación vixente.

Artigo 10º. Data de aprobación e vixencia

Esta ordenanza comezará a rexer o día 1º de xaneiro de 2008 e continuará vixente mentres non se acorde a modificación ou derogación.

Artigo 11º. Lexislación supletoria

No non expresamente previsto nesta Ordenanza será de aplicación o RDL 2/2004, de 5 de marzo, o Texto refundido da Lei do catastro Inmobiliario e demías normativa regulable da materia.

Disposición adicional

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Xove, 30 de maio de 2024.- O Alcalde, Jose Demetrio Salgueiro Rapa.